


BLOQUE 1

UNIDADE 1. AS RAÍCES HISTÓRICAS: PREHISTORIA E IDADE ANTIGA



1. OS PRIMEIROS POBOADORES: O PALEOLÍTICO

A Península Ibérica conforma o extremo sur occidental do continente eurasiático o que vai condicionar a súa historia climatolóxica e xeolóxica. Así mesmo, converterase no derradeiro punto das migracións prehistóricas cara o oeste, datándose o asentamento máis antigo en torno aos 800 000 anos, pertencendo a grupos humanos con economía predadora (recolectores e cazadores) na etapa do Paleolítico. Estes grupos evolucionaron cara sociedades produtoras (agricultores e gandeiros) durante a etapa do Neolítico.

1.1. Os primeiros poboadores: de Atapuerca ao *Homo sapiens*.

Grupos humanos, de máis antigo a máis recente:

- **Paleolítico Inferior** (800 000 – 90 000 anos):

* *Homo antecessor* (ou explorador), duns 800 000 anos de antigüidade: 36 individuos aparecidos no xacemento da *Gran Dolina*, na serra de **Atapuerca**, cunha capacidade craneal cercana os 1 000 cm³ e gran parecido ao H. Sapiens, do que foi antepasado ao igual que do *Homo Neanderthalensis*, unha especie propia de Europa e certas partes de Asia.

* *Homo heidelbergensis*, duns 350 000 anos de antigüidade, na **Sima dos Ósos**, tamén en Atapuerca.

- **Paleolítico Medio** (90 000 – 35 000 anos):

* *Homo Neanderthalensis*, de entre os 45 000 a 35 000 anos. Físicamente eran fortes, cuns rasgos toscos, arco supraciliar e grandes mandíbulas e a súa capacidade craneal era duns 1 500 cm³. Xacementos: Atapuerca (Burgos); El Sidrón (Asturias); Sima de las Palomas (Murcia); Cova Negra Valencia e Banyoles (Girona).

- **Paleolítico Superior e Epipaleolítico ou Mesolítico** (35 000 - 5 000 a. C.)

* *Homo sapiens*: apareceron hai uns 40 000 anos procedentes de África. É o noso antecesor inmediato e a súa chegada axudou á extinción dos neanderthais.



1.2. Economía e sociedade

Economía predadora, baseada na recolección de froitas e vexetais, caza e pesca. Eran sociedades nómades que se desprazaban en busca animais dentro dun amplo territorio. A organización social era colectiva, vivindo en grupos pequenos ou bandas, pero sen xerarquía social e sen división do traballo.

Características:

1.3 Arte rupestre

As principais manifestacións apareceron en covas ou abrigos naturais, concentrándose a maioría na **zona cantábrica** (Cantabria, País Vasco e Asturias), coas covas de El Castillo, El Pindal, Tito Bustillo, Las Monedas, Santimamiñe e **Altamira**. Presenta pinturas figurativas de animais con técnica naturalista, con figuras superpostas sen formar esceas. Para dar volume e movemento aproveitaban as irregularidades das paredes e o uso da cor. As cores predominantes eran o negro (para as siluetas) e os ocres, para o recheo da mesmas. Este tipo de pinturas corresponden fundamentalmente ao Paleolítico Superior.

Na **zona levantina** as pinturas aparecen abrigos rochosos ao aire libre: Cogull (Lleida), Ulldecona (Tarragona), Albarracín (Teruel) e La Valltorta (Castellón) a finais do Paleolítico Superior e a Epipaleolítico (10 000 – 5 000 a.C.). As figuras presentan un carácter narrativo (esceas de caza,, bailes rituais, recolección do mel,) con aparición de **figuras humanas e animais esquematizadas** e uso de cores planos (vermello, negro, ...).

A realización destas pinturas relaciónanse con **prácticas e crenzas relixiosas** que poderían formar parte de ritos ou cerimoniais propiciatorias de caza, aínda que hai autores que consideran as covas como santuarios onde as pinturas se distribúen segundo unha orde que se relaciona con prácticas rituais ou a existencia de mitos, sendo os protagonistas animais, non persoas.

Existen outro tipo de arte **moble**, tales como esculturas, gravados e pintura sobre pedra, óso e cornos, onde as representacións de animais, figuras humanas e símbolos abstractos.

| DOC.2 LAS ETAPAS DEL PALEOLÍTICO | | | |
|----------------------------------|---|---|---|
| | Paleolítico Inferior (80000-90000 a.C) | Paleolítico Medio (90000-35000 a.C) | Paleolítico Superior y Epipaleolítico (35000-5000 a.C) |
| Útiles y restos | <ul style="list-style-type: none">• Cantos golpeados para obtener un filo y bifaces.• Restos de animales que servían de alimento a los seres humanos. | <ul style="list-style-type: none">• Habitado por el <i>Homo neanderthalensis</i>, que conocía el fuego y vivía en cuevas.• Raederas, puntas, denticulados, cuchillos y restos de animales. | <ul style="list-style-type: none">• Restos humanos muy parecidos a los de la especie actual (<i>Homo sapiens</i>).• Perfeccionamiento y especialización de las industrias líticas, con el uso del hueso.• Aparición del arte rupestre y mobiliario. |
| Yacimientos importantes | <ul style="list-style-type: none">• Torralba y Ambrona (Soria), con abundantes restos de elefantes, rinocerontes, caballos, ciervos, bueyes, etc.• Bolomor (Valencia). | <ul style="list-style-type: none">• Cuevas en las zonas montañosas: El Castillo (Cantabria), Lezetxiki (Guipúzcoa), Peña Miel (La Rioja), L'Arbreda (Girona).• Cueva de Morín (Cantabria), en la que se ha documentado la práctica de rituales funerarios. | <ul style="list-style-type: none">• Las Caldas y Tito Bustillo (Asturias).• Parpalló (Valencia).• Santimamiñe (Vizcaya).• Urutiaga (Guipúzcoa). |

2. DO NEOLÍTICO Á IDADE DOS METAIS

A entrada do Neolítico na Península produciuse polas costas do Mediterráneo cara o 5 000 a.C., por medio de comunidades procedentes do Próximo Oriente onde introduciron as súas correntes culturais, á vez que se vai producindo unha evolución das culturas autóctonas a causa destes contactos.

Estas comunidades van iniciar a **producción de alimentos**, coa introdución da agricultura e a gandaría, e a elaboración de **cerámica e tecidos**. A necesidade de coidar os cultivos vai propiciar o **sedentarismo** e as primeiras comunidades estables (poboados).


2.1. Etapas do Neolítico

* Neolítico inicial



Xorde ao redor do Mediterráneo, sobre todo nas costas valencianas (cova da Sarsa), pero tamén na actual Andalucía (cova de Nerja en Málaga e cova de Font Major en Tarragona). Os asentamentos son fundamentalmente covas e identifícanse pola presenza de **cerámica cardial** (decoración feita con cunchas de moluscos) e dos primeiros utensilios relacionados coa práctica da agricultura (machadas, sachos, muíños de man, ...), realizados en pedra puída. Os cultivos eran leguminosas, trigo e cebada, aparecendo os primeiros animais domesticados (ovellas e cabras).

* Neolítico pleno



Desenvólvese entre finais do quinto milenio e o terceiro milenio, asentándose en terreos fértiles e ben regados das chairas, onde van construír poboados estables.

É o momento de expansión pola península: as dúas Mesetas, o val do Ebro e a zona do País Vasco. Segue na zona do Mediterráneo onde se desenvolve a chamada **cultura de Almería** (xacementos da Carihuela en Granada), onde os poboados presentan vivendas circulares. Ademais proliferan os enterramentos agrupados en **necrópoles**, situados nos redores dos poboados. En Cataluña aparece a cultura dos **enterramentos en fosas**, onde os mortos eran enterrados en fosas escavadas no chan, en cistas ou en sepulcros de corredor, acompañados de enxoval funerario (xacemento de la Bóbila Madurell en Barcelona).

Son sociedades con estruturas sociais complexas, a causa dunha diversificación do traballo e da aparición de excedentes alimentarios que hai que xestionar, o que provoca a aparición dunha certa xerarquización social (enxoval funerario), expresado na aparición de obxectos de ornamentación, como os elaborados en variscita, o que indica unha actividade mineira que con leva a un comercio da certa distancia.



2.2. O inicio da metalurxia. O megalitismo

Metalurxia: datación: terceiro e segundo milenio a.de C. Introducción dunha nova tecnoloxía: metalurxia do **cobre**.

Ponse en relación coa aparición do **megalitismo**, que son tumbas colectivas construídas con grandes pedras (en Galicia **mámoas**), aparecendo en Estremadura e sobre todo en Andalucía, que destaca tanto polo seu número coma polo seu tamaño (Menga, Millares, Viera, El Romeral e La Pastora).

Durante esta etapa afiánzase a importancia da agricultura polo uso do rego, o esterco dos campos e a introdución dun arado moi primitivo, permitindo un aumento da poboación pola mellora da alimentación e a sedentarismo da poboación que comeza a construír poboados amurallados (Os **Millares**, en Almería), a mediados do III milenio a.C. (2.400). Nestes poboados non só se atoparon instrumentos de pedra puída, senón tamén de cobre: machadas, punzóns, puñais e coitelos.

En canto á cerámica, aparece un novo tipo en forma de campá invertida (**cerámica campaniforme**), que se relaciona co comercio do metal, xa que aparece en toda Europa.



Cara o ano 1 700 a.C. prodúcese o paso da metalurxia do cobre ao do **Bronce** que aparece na cultura de **El Argar (Almería)**, así como a cultura megalítica balear (**cultura talayótica**) caracterizada pola construción de grandes murallas ciclópeas e un tipo de construción megalítica sen relación co resto da Península, pero máis afín ás construción sardas e corsas (talayots, taulas e navetas).